

Proxecto **O NOSO MONTE** Viveo e Déixao Vivir!

O monte vivo



XACOBEO 2010
Galicia



This project is co-funded
by the European Community's
LIFE Programme



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

O extremo noroccidental da Península Ibérica é a eurorrexión onde se producen máis incendios forestais, consonte á superficie total de bosque.

A perda que isto representa é moi importante: millóns de toneladas métricas de dióxido de carbono emitido á atmosfera, enormes cantidades de solo perdidas e grandes investimentos económicos en prevención e extinción de lumes e restauración do monte queimado, sen esquecer o risco que supón para a vida das persoas.

Estudos sobre as causas dos incendios forestais en Galicia mostran que máis do 90% dos mesmos teñen unha orixe humana, xa sexa de maneira intencionada ou como resultado do uso negligente do lume.

O obxectivo xeral do proxecto é promover un correcto e seguro uso do monte, incrementando o coñecemento sobre os seus valores e modificando o comportamento dos cidadáns respecto ao mesmo, co fin de contribuír a unha redución do número de incendios forestais debidos á man do ser humano, pola súa vontade ou descoido.



Accións

- A primeira acción vai dirixida a concienciar os escolares de 6 a 12 anos, acerca do valor dos montes e a grave problemática que supón os incendios forestais en xeral e en Galicia en particular. O método de traballo ofrécelle ao profesorado, a través dunha serie de separatas para a escola nun xornal de difusión autonómica, información sobre o monte e os incendios. Estas separatas, coordínanse coa páxina web do proxecto <http://onosomonte.mediorural.xunta.es/>, onde os docentes poden atopar moita máis información e materiais complementarios. Ademais, levarase a cabo un concurso de debuxos, que incluírá unha exposición dos gañadores.
- O segundo destinatario é a poboación das zonas rurais galegas. Levaranse a cabo actuacións para a súa concienciación, complementadas con información en xornais de difusión local e, ademais, editarase material de divulgación.
- O público en xeral é o terceiro obxectivo a concienciar, para o que se realizarán actuacións en medios de comunicación xeneralistas, e organizaranse exposicións itinerantes, onde se distribuirá información sobre a problemática dos incendios forestais en Galicia.
- Por último, contéplase un curso de formación especificamente orientado ás necesidades dos funcionarios que traballan directamente no ámbito da prevención de lumes, e editarase un manual de prevención de incendios forestais que recolla estes contidos.

Para máis información, pode visitar a páxina web do proxecto <http://onosomonte.mediorural.xunta.es/>